

*Vale máis un país con arbores nos montes
que con ouro nos bancos
CASTELAO*

MANIFESTO EN DEFENSA DAS UXFOR

A maioría da propiedade forestal caracterízase no noso país polo excesivo parcelamento, a carencia de servizos e a falta de planificación produtiva, o que fai insostíbel unha explotación ordenada e rendíbel, levando moitas veces ao abandono dos nosos montes.

Para combater esta desalentadora situación, o anterior goberno da Xunta de Galiza creou as Unidades de Xestión Forestal (UXFOR) ao abeiro da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais, e do Decreto 101/2008 que a desenvolve.

As UXFOR caracterízanse polo agrupamento de parcelas cara a súa xestión en común seguindo un plan, o Instrumento de Xestión Forestal Específico (IXFE), establecido e aprobado pola Asemblea de propietarios. Esta nova forma de xestión do monte presenta as seguintes vantaxes:

- Recuperación e posta en valor da propiedade forestal abandonada.
- Consecución de unidades produtivas de maior tamaño, que permitan e optimicen a rendibilidade do monte.
- Posibilidade de acceso a axudas para repoboacións, silvicultura e equipamentos, que serían imposíbeis en pequenas propiedades.
- Xestión común e profesional do monte.
- Aproveitamento da multifuncionalidade do monte.
- Diminución do risco de incendios forestais.

Esta nova figura de xestión en común do monte espertou o interese de numerosos propietarios, ao ser vista como unha fórmula válida para combater os principais males do monte galego. O anterior goberno comprometérase a realizar os traballos administrativos para a creación das primeiras UXFOR, e realizou xa en moitas delas importantes labores previas de rozas, apertura de pistas, plantacións, etc. Estas primeiras UXFOR, 45 en total, abarcan unha superficie de 4.274 Ha., repartidas en 12.854 parcelas de 2.736 propietarios e propietarias.

Pero desde o cambio de goberno, os propietarios asisten con temor á paralización de todos os procesos iniciados de constitución de UXFOR, así como dos traballos comprometidos, e mesmo dos iniciados.

Como propietarios e propietarias, como asociacións forestais, ou simplemente como galegos e galegas preocupados polo lamentable estado de abandono dos nosos montes, erguemos a nosa voz e esiximos do actual goberno da Xunta de Galicia:

1. O respecto dos compromisos adquiridos coas UXFOR existentes e a finalización os procesos en marcha.
2. O apoio decidido á xestión en común dos nosos montes, dirixida pola comunidade de propietarios, como medida xeradora de riqueza e de postos de traballo e, en xeral, de mellora do benestar dos galegos e galegas.

En Santiago, a 26 de XANEIRO de 2010

PLATAFORMA EN DEFENSA DAS UXFOR